
O Cesga retransmite o III Congreso Internacional "Historia a debate"

- Actualizado (26.09.2005)

O Centro de Supercomputación de Galicia prestará soporte tecnolóxico na celebración do III Congreso Internacional Historia a Debate do 14 ao 18 de xullo en Santiago de Compostela.

O Congreso será transmitido en directo polo CESGA a través da web de Historia a Debate, aloxada neste centro desde 1999, e que chegou ao millón de visitas en marzo deste ano. O CESGA pon á disposición deste Congreso o equipamento e servizos precisos para transmitir por Internet parte das sesións, seleccionadas pola organización.

Para incorporar estas tecnoloxías ao Congreso formouse un equipo de traballo integrado por investigadores de Historia da USC, técnicos multimedia do Servimav da USC e técnicos de comunicacións do CESGA.

Este equipo de traballo, xunto con RECETGA (a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia xestionada polo CESGA), posibilitará a asistencia ao Congreso desde calquera lugar do mundo con acceso á Internet.

Nos anteriores Anos Xacobeos celebráronse en Santiago de Compostela o I e o II Congreso Internacional de Historia a Debate, cuxas actas en nove volumes constitúen xa unha referencia indispensable sobre os métodos, a historiografía e a teoría da historia na última década do século XX. Esta nova edición do Congreso será sen dúbida a máis importante con 140 ponencias inscritas desde universidades de 25 países de América, Europa e África.

Nas mesas redondas debatiranse temas como a fragmentación da historia, a globalización da sociedade, a antiglobalización, os atentados do 11 de setembro e do 11 de marzo ou a idea histórica de España entre outros relacionados coa historia e a historiografía.

Para máis información, poden dirixirse a www.h-debate.com